**Axenda 2ª Av. > 2ª quincena**

| | |
|---|---|
| 1º día<br>Obxectivos<br>Doc descargables | – Debes ler os obxectivos. Así saberás de antemán o que vas estudar nesta unidade.<br>– Imprime e le os documentos descargables. Leos atentamente as veces que precises para asimilar os contidos. Fíxate ben nos exemplos. |
| 3º día<br>Ex autoavaliables<br>FAQ'S | – Imprime os exercicios e as FAQ's. Fai o traballo con calma. Consulta a teoría cando che faga falla.<br>– Comproba as solucións. |
| 7º día<br>Ex. interactivo | – Le as preguntas e escoita a audición completa. Empeza a contestar.<br>– Escoita dúas veces máis a gravación e completa as respostas.<br>– Ao remate, comproba a solución e escoita o documento sonoro coa transcrición diante. |
| 9º día<br>Ex. titor | – Le atentamente o enunciado. Ordena as túas ideas e fai un borrador en francés (nunca en castelán ou galego).<br>– Recorda que tes varios días para pensar e redactar o texto. |
| 10º-11º día<br>--- | – Aproveita para revisar a teoría e o traballo feito ata agora. Virache ben tanto para o exercicio do titor como para preparar o cuestionario. |
| 12º día<br>Cuestionario | – Le con calma o enunciado dos exercicios. Non esquezas que tes un tempo limitado para realizalo.<br>– Comproba as túas respostas. |
| 13º día<br>Ex. apoio | – Fai os exercicios tendo en conta as dificultades que tiveches para resolver o cuestionario. |
| 14º día<br>--- | – Envía o exercicio ao titor. Revísao antes de mandalo. |
| 15º día<br>Resumo | – Vas recibir un resumo coas explicacións sobre o *passé simple* e a expresión da causa. Leo antes de gardalo cos resumos das anteriores unidades. En calquera momento poderías ter que consultalo. |